

BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO E MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA, MODALIDADE OBRA OU SERVIZO, DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICOS NO PROXECTO EVITA(Ref: EVITA10-TSP1 e Ref: EVITA10-TP2)

Os postos de traballo son requiridos para a realización do *Proxecto Europeo Interreg IVC para o intercambio, posta en valor e transferencia interrexional de boas prácticas de apoio a PEMEs en adopción das tecnoloxías da información e o e-Business (EVITA)*”, que comezou no ano 2008 e rematará, aproximadamente, en decembro de 2011. Mais información do proxecto na páxina: <http://www.evita-interreg4c.eu/>

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), é unha Fundación de carácter público, dependente da Consellería de Economía e Industria. En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación e ao previsto no artigo 61 da lei 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego, acorda a convocatoria de selección de persoal.

1. Obxecto da convocatoria

A Fundación CESGA precisa cubrir con carácter temporal dous (2) postos para dar soporte ao *Proxecto EVITA*, coas seguintes características:

1.1. TÉCNICO/A SUPERIOR DE PROXECTO (Ref: EVITA10-TSP1)

Retribución bruta anual 25.000 euros, cotas sociais incluídas (aproximadamente 18.925 euros bruto anual a percibir polo/a traballador/a).

As funcións para este posto serán:

- Coordinar e/ou executar as tarefas do proxecto que lle sexan encomendadas polo responsable do proxecto.
- Participar na elaboración e seguemento do plano de traballo do proxecto.
- Redactar os informes e documentos técnicos e de xestión do proxecto.
- Traducir documentos técnicos do proxecto de inglés a galego ou castelán ou viceversa.
- Análise e proposta de melloras do proxecto.
- Organizar e/ou executar actividades de xestión (Study Visits, Project Meetings and Seminars) ou de difusión do proxecto e promoción do mesmo (Public Seminars, Other Events), así como en actividades de formación relacionadas co mesmo.
- Coordinar actividades con outros socios do proxecto.
- Participar en solicitudes adicionais de financiamento.
- Xestionar os recursos internos e externos do proxecto.
- Asistencia a cursos, seminarios, congresos e reunións do proxecto a nivel estatal e internacional.
- Levar a cabo a actividade no proxecto utilizando con destreza as ferramentas ofimáticas e de xestión de proxectos.

1.2. TÉCNICO/A DE PROXECTO (Ref: EVITA10-TP2)

Retribución bruta anual 22.300 euros, cotas sociais incluídas (aproximadamente 16.881 euros bruto anual a percibir polo/a traballador/a).

As funcións para este posto serán:

- Participar no deseño das tarefas a realizar no proxecto.
- Executar as tarefas do proxecto que lle sexan encomendadas polo responsable do proxecto.
- Controlar, custodiar, organizar e xestionar a información a ser incluída nos repositorios das ferramentas do proxecto
- Xestionar as bases de datos relacionadas cos contidos do proxecto
- Participar na elaboración e seguemento do plano de traballo do proxecto.
- Redactar os informes técnicos e de xestión do proxecto.
- Executar actividades de xestión (Study Visits, Project Meetings and Seminars) ou de difusión do proxecto e promoción do mesmo (Public Seminars, Other Events), así como en actividades de formación relacionadas co mesmo.
- Asistencia a cursos, seminarios, congresos e reunións do proxecto a nivel estatal e internacional.
- Levar a cabo a actividade no proxecto utilizando con destreza as ferramentas ofimáticas e de xestión de proxectos.

2. Réxime xurídico da contratación

Os dous contratos revestirán a modalidade de contrato de obra ou servizo, conforme ao establecido no artigo 15.1 A) do Estatuto dos Traballadores e ao artigo 7 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

3. Duración

As contratacións obxecto da presente convocatoria efectuaranse con carácter temporal limitada á duración dos traballos para os que se contrata aos traballadores no proxecto EVITA, estimándose un período aproximado de 15 meses para o posto de Ref.: EVITA10-TSP1 e de 10 meses para o posto Ref.: EVITA10-TP2.

4. Requisitos

- 1) Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os estranxeiros que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, teñan residencia legal en España.

2) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación forzosa.

3) Posuír e acreditar o TÍTULO que se indica para as prazas:

Ref: EVITA10-TSP1: ENXEÑEIRO/A SUPERIOR EN ENXEÑERÍA INFORMÁTICA

Ref: EVITA10-TP2: DIPLOMATURA EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN

ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

4) Coñecemento de inglés: nivel medio-alto (B2 ou 4º curso EOI) para o posto de Ref: EVITA10-TSP1 e nivel básico-alto (B1 ou 3º curso EOI) para o posto de Ref: EVITA10-TP2.

Acreditarase o nivel requirido para cada praza de Referencia, mediante acreditación/certificación da EOI ou equivalente atendendo á escala de CEF (Common European Framework).

Os aspirantes que non estean en posesión da titulación que xustifique o coñecemento de inglés deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.

5) Coñecemento da lingua galega para as dúas prazas de Ref: EVITA10-TSP1; EVITA10-TP2: acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou do CELGA 4, ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.

Os aspirantes que non estean en posesión da titulación que xustifique o coñecemento de galego deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.

6) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.

7) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5. Documentación a presentar obrigatoriamente

Documentación a presentar:

- Solicitud dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA (ver Anexo I) cubrindo a referencia da praza á que se presenta.
- Currículum vitae (CV), no que explícitamente se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- Taboa de méritos de acordo co modelo adxunto no Anexo IV.

- Fotocopia simple do título esixido na base 4.3 ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico. Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte.
- Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida na convocatoria.
- Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos alegados no CV. A certificación de participación en proxectos se fará ben presentando copia do contrato no que figure o nome do proxecto e as funcións desenvolvidas ou por certificación da participación efectiva no proxecto expedida polo Ministerio, Universidade ou Administración Autonómica correspondente, no que figuren as funcións desenvolvidas polo solicitante.
- Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística e fotocopia simple da xustificación de coñecemento de inglés, se fora o caso. Se non se presenta documentación xustificativa do coñecemento dos idiomas deberá facerse unha proba no momento indicado no proceso de selección.
- Fotocopia simple da acreditación emitida pola escola oficial de idiomas ou organismo competente na materia do nivel de inglés esixido na convocatoria.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar nas dependencias da Fundación CESGA, no prazo de 3 días, os seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido na base 4.3 ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida na base 4.3 desta convocatoria.
- d) Orixinal da xustificación dos méritos alegados para o seu cotexo.
- e) Orixinal para o seu cotexo do título en lingua galega (perfeccionamento ou CELGA 4) ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística no caso de que se presentara no momento da solicitude.
- f) Orixinal para o seu cotexo da titulación de inglés, no caso de que se presentara no momento da solicitude.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes serán dirixidas ao director-xerente da Fundación e deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria, indicando a referencia da praza ou prazas a/as que se presente.

Presentaranse na Secretaría da Fundación ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur),

15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico no enderezo emprego@cesga.es. Neste último caso, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite.

O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nel.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas provisionais de admitidos e excluídos no proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, no seu caso, establecéndose un prazo de 3 días naturais para, a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable, tras os cales se publicarán as listas definitivas de admitidos e excluídos. Todas as publicacións faranse na páxina web da Fundación www.cesga.es

7. Proceso de selección

A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto (Anexo II).

O proceso de selección consistirá:

1. Nun concurso de méritos acreditados por cada candidato, ata unha puntuación máxima de 22 puntos para a praza de [Ref: EVITA10-TSP1](#) e ata unha puntuación máxima de 20 puntos para a praza de [Ref: EVITA10-TP2](#) e conforme ao BAREMO do Anexo III.
2. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe da puntuación obtida por todos os aspirantes, establecéndose un prazo de 3 días naturais para alegacións por parte dos candidatos para presentar reclamacións que xulguen oportunas.
3. Finalizado o prazo de alegacións, a Comisión convocará para realizar unha entrevista aos 5 primeiros candidatos que conseguiran a mellor puntuación na valoración de méritos e que cumpran con todos os requisitos para este posto. A lista de candidatos convocados para acudir á entrevista persoal serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web da Fundación CESGA, indicando a data, hora e lugar onde terá lugar a mesma e notificaráselle aos mesmos, ben por correo electrónico ou por teléfono. Os candidatos propostos para a entrevista que non teñan acreditado o coñecemento do galego e de inglés esixido na base 4.4 desta convocatoria, serán convocados previamente para realizar unha proba de coñecemento de galego consistente na tradución de un texto de galego a castelán ou viceversa e de coñecemento de inglés consistente na tradución de un texto de inglés a español ou viceversa. A valoración será para ambas probas de Apto ou Non Apto. A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos.
4. A entrevista, que non superará os quince minutos, terá unha valoración máxima de 2 puntos e versará sobre:

- Perfil do candidato
- Complementos do currículum vitae
- Idoneidade do candidato para o posto
- Disponibilidade de incorporación
- Contraste de coñecementos
- Expresión oral

Finalizadas as entrevistas, a Comisión publicará na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe provisional da puntuación final dos aspirantes convocados a entrevista, establecéndose o prazo de 3 días naturais, para reclamacións por parte dos candidatos.

Debido á infrarrepresentación do sexo feminino na Fundación CESGA nestas categorías profesionais, no caso de empate entre dous ou máis candidatos/as será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 37.1 da lei 7/2004 de Galicia e de persistir o empate, prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería de Facenda de data 26 de xaneiro de 2010 (DOG nº 20 do 1 de febreiro).

8. Resolución

Unha vez finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.es), e no taboleiro de anuncios da Fundación o resultado do proceso de selección, establecéndose un prazo de 3 días naturais para reclamacións. Así mesmo, para estes postos convocados, e co fin de determinar posibles substitucións, a comisión elaborará unha lista de agarda entre os candidatos finalistas e que non resultasen beneficiarios dos postos. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberán achegar os candidatos seleccionados para formalizar os contratos. Os tipos de contratos temporaisl serán por obra ou servizo determinado, e estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 22 de xaneiro de 2004 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Enrique Roger Amat e co número de protocolo 214.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010



Javier García Tobío
Director-Xerente
Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	
DNI:		
Dirección particular (rúa, etc.):	Nº	
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	

2.- DATOS ANUNCIO
Referencia anuncio:
Data publicación anuncio:

3.- DOCUMENTACIÓN
Currículum Vitae: ☐ Copia DNI: ☐ Copia da Titulación: ☐ Copia Expediente académico: ☐ Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4: ☐ Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: ☐ Ref. posto: Xustificación do coñecemento de inglés: ☐ Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: ☐ Ref. Posto: Copia dos xustificantes dos méritos alegados: ☐ Outra documentación:

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. ☐

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas. ☐

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2010

Fdo.:

**DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**

ANEXO II

COMISIÓN DE SELECCIÓN:

1 .- A comisión de selección estará formada, para cada posto, por:

- a)Presidencia: Administrador e-Business da Fundación CESGA
- b)Secretario: Técnico Superior e-Business da Fundación CESGA
- c)Vocais:
 - Técnica Superior de Administración da Fundación CESGA
 - Administradora de e-Learning da Fundación CESGA

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Ningún membro da comisión de selección estará en posesión de titulación inferior, no seu posto, á esixida para os postos obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantirá a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido pola disposición adicional primeira da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2 .- Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atopárense incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3 .- Para actuar validamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia de tódolos seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4 .- Para efectos de comunicación e demais incidencias, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

ANEXO III

Baremo Valoración de Méritos:

1. EXPEDIENTE ACADÉMICO ATA A TITULACIÓN ESIXIDA: máximo 4 puntos. As cualificacións, valoraránse utilizando a media simple calculada segundo o protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para valoración de expedientes académicos (DOGA 23 de marzo de 2005), tomando como referencia o seguinte baremo:

CUALIFICACIÓN	PUNTOS
MATRÍCULA DE HONRA	4
SOBRESAINTE	3
NOTABLE	2
APROBADO	1
SUSPENSO/NON PRESENTADO	0

2. COÑECEMENTOS DE INGLÉS: máximo 3 puntos. Acreditados e/ou certificados segundo a seguinte táboa ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente.

Para a praza de [Ref: EVITA10-TSP1](#):

INGLÉS	PUNTUACIÓN
5º Curso da E.O.I. ou equivalente	3,0 puntos

Para a praza de [Ref: EVITA10-TP2](#):

INGLÉS	PUNTUACIÓN
4º curso da E.O.I. ou equivalente	2,5 puntos
5º Curso da E.O.I. ou equivalente	3,0 puntos

3. COÑECEMENTOS EN TIC E EMPRESA para a praza [Ref: EVITA10-TSP1](#):
Máximo 2 puntos segundo a distribución que a seguir se indica.

COÑECEMENTOS A VALORAR	Puntuación
Cursos de formación relacionados co perfil funcional (0,5 puntos por cada 25 horas de formación)	Ata 2

COÑECEMENTOS EN TIC E EMPRESA para a praza [Ref: EVITA10-TP2](#):

Máximo 2 puntos segundo a distribución que a seguir se indica.:

COÑECEMENTOS A VALORAR	Puntuación
Cursos de formación relacionados co perfil funcional (0,5 puntos por cada 25 horas de formación)	Ata 2

4. EXPERIENCIA EN TIC E EMPRESA E PROXECTOS para a praza de [Ref: EVITA10-TSP1](#): Máximo 13 puntos, segundo a distribución que a seguir se indica. Só se valorarán os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.:

EXPERIENCIA A VALORAR	Puntuación
Participación en tarefas e proxectos relacionados co perfil funcional como coordinador/a (0,15 puntos por cada mes de proxecto ou contrato)	Ata 6
Participación en tarefas e proxectos relacionados co perfil funcional como técnico/a (0,15 puntos por cada mes de proxecto ou contrato)	Ata 4
Participación en tarefas e proxectos relacionados co perfil funcional como auxiliar/a (0,15 puntos por cada mes de proxecto ou contrato)	Ata 3

EXPERIENCIA EN TIC E EMPRESA E PROXECTOS para a praza de [Ref: EVITA10-TP2](#): Máximo 11 puntos, segundo a distribución que a seguir se indica. Só se valorarán os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada:

EXPERIENCIA A VALORAR	Puntuación
Participación en tarefas e proxectos relacionados co perfil funcional como coordinador/a (0,15 puntos por cada mes de proxecto ou contrato)	Ata 5
Participación en tarefas e proxectos relacionados co perfil funcional como técnico/a (0,15 puntos por cada mes de proxecto ou contrato)	Ata 4
Participación en tarefas e proxectos relacionados co perfil funcional como auxiliar/a (0,15 puntos por cada mes de proxecto ou contrato)	Ata 2

ANEXO IV

MODELO PARA VALORACIÓN MÉRITOS RELACIONADOS EN ANEXO III

	Puntuación
1. EXPEDIENTE ACADÉMICO ATA A TITULACIÓN ESIXIDA	
2. COÑECEMENTOS DE INGLÉS	
3. COÑECEMENTOS EN TIC E EMPRESA	
4. EXPERIENCIA EN TIC E EMPRESA E PROXECTOS	

3. COÑECEMENTOS EN TIC E EMPRESA A VALORAR*		
Título do curso	Horas	Puntuación
TOTAL		

*Unha fila por curso de formación, especificar o título do curso e as horas de formación recibidas.

4. EXPERIENCIA EN TIC E EMPRESA E PROXECTOS A VALORAR**				
Proxecto	Contrato	Categoría	Meses	Puntuación
TOTAL				

**Unha fila por proxecto, en caso de aportar máis dun proxecto por contrato, incluílos en filas sucesivas especificando o nome do mesmo, e no caso dun contrato, o nome da entidade contratante.